



A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 21 de maio de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

7.- Acordar, se procede, a prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 1 Presto. (Expte. 2020006196)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (7 votos a favor), acordou:

1.- Acordar a prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 1 Presto, adjudicado a NKE CAD SYSTEMS SL, titular do NIF B86798949, na data 07/03/2019, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 10/04/2021 ao 09/04/2022).
- Prezo: 2.347,40 €, dos que 1.940,00 € corresponden ao principal e 407,40 ao IVE.

LOTE 1: PRESTO		
MÓDULO	IMPORTE BASE	IVE
Presuposto e medicións	750,85 €	157,68 €
Xestión do proxecto	168,30 €	35,34 €
Planificación	155,39 €	32,63 €
Control de calidade	213,59 €	44,85 €
Xestión Ambiental	213,59 €	44,85 €
Seguridade e saúde	308,56 €	64,80 €
Monitor 10	129,73 €	27,24 €
TOTAL	1.940,00 €	407,40 €

2.- Aprobar o compromiso de gasto, por importe de 2.347,40 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria	RC/RC fut
2021:	2.347,40 €	130.9202.21610	202000009629

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros (2021) se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

José Miguel Caride Domínguez





Concello de **OURENSE**

